ACTIVIDADE 1

*Toda actividade humana está culturizada.* Os seres humanos fan moitas cousas que tamén fan outros animais. Sen embargo, *todo* o comportamento humano, sen importar que parte del estea nos nosos xenes, leva unha sobrecarga. Considérase boa ou mala, correcta ou equivocada, tanto polo individuo como por todos os presentes. Esta avaliación do noso comportamento é o resultado das convicciónns culturais e as experiencias multixeracionais acerca da eficacia, a pertinencia ou a conveniencia moral. O comportamento que leva unha sobrecarga cultural pode ser denominado comportamento culturizado.

Incluso as actividades que os seres humanos comparten con outros animais están culturizadas. O comportamento vese a través de filtros de significado e ideas sobre o correcto e o equivocado, o razoable e o disparatado. Por exemplo, en todas partes as persoas teñen atitudes culturais hacia os seus propios sistemas alimenticios. A causa de que somos sistemas de fluxo, temos que comer, pero comemos somente algúns dos produtos comestibles que proporciona o noso contorno. Que se define culturalmente como comida decente? As atitudes das persoas respecto a certos alimentos, que son sempre culturais tanto como persoais, tinxe toda a súa percepción da comida. Non podemos comer sen as nosas atitudes, incluso despois de ter aprendido a considerar algunhas delas excesivamente restrictivas. A nosa cultura entra en nós a medida que aprendemos a sobrevivir"
(Bohannan, P. ; *Para raros nosoutros,* Akal, 1992, pxs. 13-14)

a. Que entende Bohannan por "comportamento culturizado"
b. Lembras que tipos de información incorpora a cultura? Cal destes tipos de información ten que estar presente para poder falar de comportamento culturizado?
c. O concepto "comportamento culturizado" pode facerse extensible a todos aqueles comportamentos animais que son aprendidos e transmitidos a outrosmembros da especie? Por que?
d. Comenta o sentido da última frase do texto: "A nosa cultura entra en nós a medida que aprendemos a sobrevivir"

ACTIVIDADE 2

Que entendes por cultura? Escribe e explica brevemente os rasgos que caracterizan a cultura.

ACTIVIDADE 3

Dende a perspectiva do evolucionismo unilineal, cabe falar de culturas superiores e inferiores? E dende o evolucionismo multileneal?

ACTIVIDADE 4

Con respecto ao feito da diversidade cultural, que postura pensas que teñen adoptado os países colonizadores? Que ves de positivo e que de negativo no papel cultural que desempeñaron nos países colonizados?

**SOLUCIONARIO:**

ACTIVIDADE 1:

**a. Que entende Bohannan por "comportamento culturizado"**

O comportamento que leva unha "sobrecarga cultural", que consiste na capacidade valorativa.

**b. Lembras que tipos de información incorpora a cultura? Cal destes tipos de información ten que estar presente para poder falar de comportamento culturizado?**

Información descriptiva, información práctica e información valorativa

A información valorativa

**c. O concepto "comportamento culturizado" pode facerse extensible a todos aqueles comportamentos animais que son aprendidos e transmitidos a outrosmembros da especie? Por que?**

No sentido no que entende Bohannan este concepto parece dubidoso, porque aínda que podemos considerar a existencia dunha protocultura nalgunhas especies animais, dado que son capaces de adquirir e transmitir dalgún xeito información descriptiva (acerca dalgunha característica da contorna: a presenza de alimento, ou dun depredador) e práctica (p.ex. como facer un pau atrapa-termitas), non parece que poidan adquirir, e moito menos transmitir, información valorativa acerca "acerca da eficacia, a pertinencia ou a conveniencia moral". Pero sobre estas cuestións é prudente manter a dúbida…

**d. Comenta o sentido da última frase do texto: "A nosa cultura entra en nós a medida que aprendemos a sobrevivir"**

A herdanza biolóxica proporciónalle a cada especie animal a información necesaria para orientar a súa conduta cara a fin biolóxica da supervivencia. Os humanos cheguamos ao mundo con unha estrutura instintiva subespecializada, que non nos permite desenvolver un comportamento "propio da especie", de modo que para sobrevivir temos que aprendelo todo. A cultura pon á nosa disposición todos os coñecementos que a humanidade ten ido acumulando, proporcionándonos as diferentes solucións satisfactorias aos desafíos do medio que diversas xeracións teñen ido atopando durante longos períodos de tempo, permitíndonos encauzar as nosas eleccións de maneira que non poñamos en risco a nosa supervivencia.

ACTIVIDADE 2

**Que entendes por cultura? Escribe e explica brevemente os rasgos que caracterizan a cultura**.

A cultura consiste entón nunha serie de contidos de coñecemento e de pautas de conduta, adquiridos por aprendizaxe social. Tylor defínea como " un todo complexo que comprende coñecemento, crenzas, arte, moral, leis, usos e outras capacidades e usanzas adquiridas polo home en canto que é membro dunha sociedade"

Entre os rasgos que caracterizan a cultura, cabe resaltar:

- É un todo complexo porque o abarca todo

- É adquirida, aprendida, aprendida socialmente
- É compartida polos membros dunha sociedade..
- É unha (en tanto que a cultura consiste nunha forma peculiar de adaptación e supervivencia humana ) e plural, dada a diversidade das súas manifestacións
- É simbólica: porque se basea en convencións
- É histórica

ACTIVIDADE 3

**Dende a perspectiva do evolucionismo unilineal, cabe falar de culturas superiores e inferiores? E dende o evolucionismo multileneal?**

Si. O evolucionismo unilineal, ao considerar que todas as sociedades se desenvolven pasando por unha serie de fases (estados culturais), nunha mesma escala evolutiva, estado civilizado: salvaxismo, barbarie e civilización. O establecemento desta escala é o que permite comparar as diferentes culturas e ordenalas de acordo con unha xerarquía.

O evolucionismo multilineal, non. Aínda que considera que a evolución cultural é unha característica da humanidade, non defende a existencia dunha única liña para o desenvolvemento das culturas, respectando así as particularidades de cada cultura, que entende como resultado de adaptacións diferentes en contextos distintos. Non existe pois un único criterio para clasificar as culturas en superiores e inferiores; só existen cuturas diferentes con distintos niveis de desenovolvemento (unha cultura pode estar maís desenvolvida que outra se atendemos ao criterio tecnolóxico, pero moito menos se atendemos ao grao de estructuración familiar, ou ao respecto ao medio ambiente)

ACTIVIDADE 4

**Con respecto ao feito da diversidade cultural, que postura pensas que teñen adoptado os países colonizadores? Que ves de positivo e que de negativo no papel cultural que desempeñaron nos países colonizados?**

Cabería afirmar que, en maior ou menor medida, todos manifestaron unha atitude etnocéntrica. Ao tomaren a propia cultura como punto de referenza, tenderon a considerar aos colconizados como bárbaros ou mesmo como inferiores moral ou mentalmente.

O que cada alumno e alumna considera positivo ou negativo, dependerá da perspectiva na que se sitúe. Valórase o manexo da información adquirida e a pertinencia na argumentación.

A modo de exemplo, cabería sinalar entre os aspectos negativos os que se derivan do etnocentrismo: a imposibilidade para comprender as culturas coas que se entra en contacto, por unha banda e a radicalización do sentemento de cohesión do propio grupo, coa valoración da propia cultura como superior, pola outra.

Este sentemento, como sabemos, está profundamente arraigado na cultura occidental, que tende a identificar o seu maior desenvolvemento científico-técnico cun maior desenvolvemento cultural e de civilización, xustificando así a imposición das súas formas de vida aos outros pobos, considerados "primitivos" ou "bárbaros". A consecuencia desta imposición foi o debilitamento e mesmo desaparición de moitas culturas. Pero o empobrecemento cultural (cunha clara tendencia ao monoformismo) e tan perigoso para o grupo humano como o empobrecemento xenético para un grupo animal (cada cultura contén distintas solucións aos desafíos do medio; supón posibilidades diversas de adaptación)

Entre os aspectos positivos, cabería sinalar que todo contacto cultural é enriquecedor e, aínda en condicións de clara asimetría, como a que se deu no proceso de colonización, ese contacto é sempre un motor para o cambio cultural (difusionismo).